

Suxestión dirixida ao Concello de A Estrada para que se valore a posibilidade de realizar as actuacións necesarias a fin de que as obras de soterramento da instalación sexan levadas a cabo no prazo máis breve posible .

Expediente: N.9.Q/3309/22

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

No seu escrito, o Sr. XXX, expón, esencialmente:

Hace tres años fui a hablar con un técnico municipal de urbanismo en el ayuntamiento de A Estrada (15/07/19) sobre una canalización de aguas fecales situada en Rúa XXX en Sabucedo -A Estrada (adjunto fotografías). La canalización está situada en la puerta de mi casa, y tras exponerle el caso concluyó en qué se buscaría una solución después del verano debido a la alta carga de trabajo que tenían (me pidió no poner una hoja de reclamaciones asegurándome que tras el verano lo solucionarían). Dos años después volví ya que el trabajo seguía sin hacer, y esta vez si puse una reclamación (la adjunto también, está fechada a día 18 de mayo de 2021). A día de hoy, sigue estando exactamente igual.

Ante iso requirimos información a ese concello que nos remitiu informe emitido polos servizos técnicos e no que se pon de manifesto o seguinte:

PRIMEIRO. O escrito fundaméntase na queixa presentada por D. XXX relativa a unha canalización de fecais situada en Rúa XXX – Sabucedo – Concello da Estrada.

O obxecto da queixa é un tubo que sobrasae do muro de contención da estrada provincial EP-7101 e discorre verticalmente grapado ó mesmo nunha lonxitude aproximada de un metro.

SEGUNDO. Realizadas as comprobacións oportunas, conséntase que o tubo ao que se refire a queixa forma parte da acometida á rede de saneamento dunha vivenda situada na marxe oposta da estrada provincial que atravesa o lugar.

O tubo instalouse aproveitando un cruce de augas existente baixo a estrada, evitando así a apertura dunha gabia que deterioraría o pavimento da mesma.

TERCEIRO. Tratándose dunha instalación que afecta a unha estrada de titularidade provincial, o Concello da Estrada estará dilixente para que, no momento en que se leven a cabo obras sobre esta vía, o servizo municipal aproveite ditas obras para soterrar totalmente a instalación.

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- - A tal efecto cómpre ter en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que no seu artigo 25 establece que:

1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

j) Protección da salubridade pública.

O artigo 26 do mesmo texto legal establece tamén que:

1. Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) En tódolos Municipios: alumeadado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

SEGUNDA. - Neste caso concreto, tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da queixa e o exposto na información remitida polo Concello de A Estrada, dedúcese que:

1º.- No escrito de queixa, o reclamante refírese a un problema, que xa ven de tres anos atrás, na canalización de augas fecais situada na porta da súa casa, na Rúa XXX en Sabucedo - A Estrada.

2º.- Segundo a información remitida polo concello, trátase dun tubo que sobresaí do muro de contención da estrada provincial EP-7101 e discorre verticalmente grapado ao mesmo nunha lonxitude aproximada dun metro, constatando, tras as oportunas comprobacións, que dito tubo forma parte da acometida á rede de saneamento dunha vivenda situada na marxe oposta da estrada provincial que atravesa o lugar.

3º.- Informa tamén o concello que o referido tubo instalouse aproveitando un cruce de augas existente baixo a estrada, evitando así a apertura dunha gabia que deterioraría o pavimento da mesma e que tratándose dunha instalación que afecta a unha estrada de titularidade provincial, o concello estará dilixente para que, no momento en que se leven a cabo obras sobre esta vía, o servizo municipal aproveite ditas obras para soterrar totalmente a instalación.

Por todo o exposto ata agora, tendo en conta que o reclamante manifesta que o problema plantexado ven de tres anos atrás, que ese concello informa que esperará a que se leven a cabo obras sobre a vía (de titularidade provincial) para soterrar totalmente a instalación que ocasiona o problema e que estamos ante un problema de canalización de augas fecais, se considera necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de A Estrada a seguinte

SUXESTIÓN

Respectando as competencias municipais e a capacidade organizativa dese concello, se valore a posibilidade de realizar as actuacións necesarias a fin de que as obras de soterramento da instalación sexan levadas a cabo no prazo máis breve posible.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)